

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE MARZO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun "itinerario peonil e a reforma de intersección na AC-840 en Curtis (p.q. 20 + 190 ao 21 + 910)", de clave: AC/15/066.06, no concello de Curtis.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a instalación e uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico do turismo de Galicia 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Facenda e Endesa Generación, S.A. para a reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes en cumprimento por parte da central térmica da directiva 2010/75UE sobre emisións industriais, por un importe total de tres millóns oitocentos noventa e dous mil cincocentos corenta e seis euros (3.892.546 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro das instalacións afectadas polo comercio de dereitos de emisión no ano 2016.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, ano 2017.
- Informe sobre o balance de resultados “Galicia 1000” e a previsión para 2017.
- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Santa María la Real para a implantación do proxecto Lanzadeiras de emprego solidario.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do Plan de fixación de poboación no rural.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA AC-840 ENTRE A TRAVESÍA DE CURTIS E ALTO DA ESPENIÑA, CUN INVESTIMENTO DE CASE 500.000 EUROS

- *O Goberno galego prevé licitar estas obras nas vindeiras semanas*
- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 11 predios necesarios para a execución deste itinerario seguro e accesible para uso peonil*
- *Executarase un itinerario na marxe dereita da estrada AC-840 que terá unha lonxitude de 1.730 metros, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 20+145 e 21+880*
- *As obras comprenden a mellora da intersección coa estrada ao cemiterio para facilitar os cambios de sentido e a rehabilitación do firme no seu contorno, así como a execución de dous muros de contención do terreo*
- *Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo neste tramo, no que se localizan vivendas, o que ocasiona na zona un notable tránsito de peóns que actualmente teñen que circular pola beiravía*

O Consello da Xunta aproba as expropiacións para a execución dunha senda na estrada AC-840, entre a travesía de Curtis e Alto da Espeniña, no concello de Curtis. O Goberno galego financia estas actuacións coa achega dun investimento de máis de 495.000 euros e está prevista a licitación do contrato de obras nas vindeiras semanas.



O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) fixo público esta mesma semana o anuncio polo que se autoriza o expediente de información pública deste proxecto e se aproba definitivamente o proxecto de construción.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 11 predios necesarios para a execución dun itinerario seguro e accesible para uso peonil na estrada AC-840 (Betanzos – límite de provincia–Agolada) no concello de Curtis, desde Alto da Espeniña ata a intersección existente coa AC-230, na travesía de Curtis.

Executarase unha senda peonil na marxe dereita da AC-840 que terá unha lonxitude de 1.730 m, no tramo comprendido entre o p.q. 20+145 (en Alto da Espeniña, dando continuidade a un camiño existente) e o 21+880 (intersección coa estrada autonómica AC-230, en Curtis). A sección tipo consta dunha senda de 2,1 metros de largo mínimo, de formigón coloreado e separada da calzada por unha zona axardinada de 0,5 m e cuneta de seguridade.

As obras previstas comprenden a mellora da intersección coa estrada ao cemiterio para facilitar os cambios de sentido nese punto, e a rehabilitación do firme no seu contorno, así como a execución de dous muros de contención do terreo.

Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo neste tramo, no cal se localiza un importante número de vivendas, o que ocasiona na zona un notable tránsito de peóns que actualmente teñen que circular pola beiravía.



A XUNTA FACILITA A INSTALACIÓN, MANTEMENTO E USO DE DESFIBRILADORES EXTERNOS FÓRA DO ÁMBITO SANITARIO

- *O Consello aproba un decreto para regular estes aspectos, así como a formación de voluntarios na súa utilización*
- *Crearase un rexistro dos DESA para posibilitar o seu uso inmediato en caso de urxencia*
- *Nas licitacións de contratos públicos autonómicos a oferta de desfibriladores suporá unha mellora que contabilice no concurso*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, que establece as normas para a implantación de desfibriladores automáticos e semiautomáticos (DESA) na Comunidade Autónoma. O seu obxectivo é que en Galicia se logre a mellor cobertura deste equipamento e o maior número de persoas formadas para o seu uso, sexan ou non profesionais sanitarios.

O texto incide na concienciación da sociedade sobre a necesidade de dispor deste tipo de aparellos en lugares onde se concentre un elevado número de persoas. Neste sentido, recomenda a súa instalación en espazos como grandes establecementos e centros comerciais, aeroportos, portos comerciais, estacións e apeadeiros de autobús ou ferrocarril, establecementos públicos, instalacións deportivas e centros educativos, entre outros.

Tamén sinala que as administracións sanitarias de Galicia impulsarán a formación en contidos de soporte vital básico e manexo de desfibriladores e promoverán os mecanismos de coordinación oportunos con protección civil, bombeiros e policía local para estender a instalación e uso destes aparellos. Este compromiso da Administración pública vese reforzado polo decreto ao establecer, así mesmo, que nas licitacións de contratos a oferta de desfibriladores supoña unha mellora que contabilice no concurso.

Facilidades para a instalación

A norma céntrase, ademais, en dar as máximas facilidades para a instalación deste equipamento, simplificando os trámites de rexistro e alta dos aparellos mediante declaración responsable, polo que as entidades interesadas en instalar un desfibrilador o poden facer rapidamente mediante este proceso (que ademais pode ser telemático) sen necesidade de agardar para obter unha autorización previa.

Para mellorar a operativa e a coordinación no uso destes dispositivos, o texto tamén recolle a creación do Rexistro de Desfibriladores Externos de Galicia, elaborado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. A súa finalidade é coñecer a súa situación e a súa utilización pública, o que favorecerá o coñecemento previo polos

servizos de emerxencia -bombeiros, protección civil, forzas e corpos de seguridade, etc.-, para o seu uso inmediato.

O decreto aprobado hoxe simplifica a obtención da titulación necesaria para a súa utilización, como consecuencia da mellora da situación actual e no contexto de atención integral da saúde, que supón a existencia de medios para a atención inmediata antes da chegada dos recursos de urxencias sanitarias. Esta situación é posible polos avances nos desfibriladores, que permiten a súa utilización cunha formación básica por parte dos usuarios dado o carácter automático ou semiautomático do seu funcionamento.

Xunto con todo o anterior, establécense nel os coñecementos esenciais de que deben dispor as persoas encargadas do uso e manexo dos aparellos, así como as entidades que poden impartilos. Do mesmo modo, cómpre lembrar que Urxencias Sanitarias de Galicia-061 conta cunha aplicación informática, no marco da iniciativa *Acude e Axuda*, que permite alertar e mobilizar persoal voluntario que previamente fose adestrado na realización de manobras de reanimación cardiopulmonar.

Aplicación do DESA

En Galicia, as enfermidades cardiovasculares constitúen un dos problemas de saúde máis importantes. A causa máis frecuente de parada cardiorrespiratoria nas persoas adultas é a síndrome coronaria aguda e, dentro desta, a fibrilación ventricular e a taquicardia ventricular sen pulso, que teñen como único tratamento a desfibrilación eléctrica.

Entre os anos 2001 e 2015, Urxencias Sanitarias de Galicia aplicou o DESA a 5.046 pacientes. No 26,3% dos casos (1.329 persoas), o desfibrilador detectou un ritmo desfibrilable e realizou descargas, e deles o 53,19% (707 persoas) recuperou o pulso durante a atención extrahospitalaria.

Nestas situacións, a dispoñibilidade inmediata de medios técnicos resulta imprescindible para abordar con éxito as manobras de reanimación. Por isto a Xunta de Galicia favorece a instalación de desfibriladores externos en todos aqueles lugares aos que acuda un gran número de persoas.

TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO AFIANZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS

- *O Camiño de Santiago converteuse no principal elemento captador de turismo internacional para Galicia e a súa carta de presentación a nivel mundial*
- *No pasado ano un total de 278.232 peregrinos recolleron a súa Compostela, o que supuxo un máximo histórico*
- *Turismo de Galicia achegará a contía de 300.000€ para colaborar en iniciativas relacionadas co Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos e en actividades que promova a Catedral de Santiago relacionadas coas Rutas Xacobeas*
- *A Xunta afianza así o seu compromiso co Camiño de Santiago, o principal recurso turístico e cultural da nosa Comunidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes da nosa comunidade.

No pasado ano 2016 un total de 278.232 peregrinos recolleron a súa Compostela na Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela, o que supuxo un máximo histórico ao superar a cifra acadada no último ano Santo, o Xacobeo 2010.

Pola súa parte, neste ano 2017 chegaron xa máis de 5.000 peregrinos á meta da Ruta Xacobeas dos cales máis do 58% son estranxeiros.

Con todo, o Camiño de Santiago converteuse no principal elemento captador de turismo internacional para Galicia, o seu sinal de identidade e a súa carta de presentación a nivel mundial.

Deste xeito, resulta fundamental ofrecer unha atención de calidade a todos estes peregrinos que cada ano visitan Galicia a través dalgunha das rutas xacobeas.

Este é o obxectivo do convenio a través do cal Turismo de Galicia achegará 300.000 €, o que supón preto do 85% do orzamento total das actuacións previstas nel.

O acordo inclúe diversas iniciativas relacionadas co Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos de Santiago de Compostela, como o reforzo do seu material e persoal para unha maior atención e información aos peregrinos, ou a cesión dun local nas súas instalacións para a utilización de Renfe.

Así mesmo, Turismo de Galicia comprométese a colaborar, a través deste acordo, en actividades que promova a Catedral de Santiago relacionadas coas rutas xacobeas, como o Congreso de Acollida Cristiá, así como a edición de revistas ou publicacións.

A Xunta de Galicia afianza así o seu compromiso co Camiño de Santiago, o principal recurso turístico e cultural de Galicia.

A NOVA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA CONSOLIDARÁ EN 2020 UN DESTINO SUSTENTABLE DIFERENCIADO A NIVEL GLOBAL

- *O Goberno galego afianza a súa firme aposta polo sector turístico cun investimento total que supera os 240.500.000 euros*
- *Este novo marco de traballo fortalecerá a competitividade do turismo galego e o seu posicionamento como sector clave na economía galega*
- *A nova folla de ruta establece uns ambiciosos obxectivos sectoriais que pasan por incrementar en máis dun 21% os turistas e impulsar o peso do turismo internacional ata representar máis do 33% do total*
- *O plan reflicte un forte compromiso polo ecoturismo e dedica á liña estratéxica baseada na paisaxe, nos recursos naturais e na sustentabilidade máis do 37% do total do investimento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia do Turismo de Galicia, que establece o novo marco de traballo co horizonte no ano 2020 que fortalecerá a competitividade do turismo galego e o seu posicionamento como sector clave na economía galega.

O Goberno galego afianza, a través deste novo plan, a súa firme aposta polo sector turístico cun investimento total para este período de catro anos de implantación que supera os 240.500.000 euros.

Trátase dunha folla de ruta que contou para a súa elaboración coa participación de todos os axentes que conforman a cadea de valor do sector turístico galego, a través dun proceso participativo cun amplo traballo de campo e unha profunda análise estratéxica.

O resultado é un plan integral que presta atención a todos os territorios da nosa Comunidade; integrador ao establecer conexións con outros sectores; dinámico, xa que será revisado de forma periódica para favorecer a súa correcta implantación; e dinamizador, ao dar cabida a todos os axentes implicados.

Os seus obxectivos e actuacións están aliñados co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 buscando a potenciación do turismo en Galicia e o seu atractivo para consolidar a nosa Comunidade como un destino diferenciado a nivel global, competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.

A Estratexia incide no incremento dos turistas tanto nacionais como internacionais, equilibrando os seus pesos, así como do número de pernoitas rexistradas. Ademais, marca as directrices para aumentar a ocupación hoteleira e o gasto medio que deixa o turista en Galicia.

Deste xeito, establece uns ambiciosos obxectivos sectoriais para 2020 que pasan por incrementar en máis dun 21% os turistas que chegan a Galicia, ata acadar os 6.000.000, e impulsar o peso do turismo internacional ata representar máis do 33% do total, o que se traduce en 2.000.000 de visitantes estranxeiros.

Para logralo, o plan establece tres grandes retos relacionados co territorio, a gobernanza e a proxección do destino. A nova estratexia establece, así, un modelo de turismo baseado na construción dun destino único e diferencial a través do potencial dos seus recursos; no impulso dunha nova forma de xestión que incorpore todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social; e na mellora da captación de turistas e da súa fidelización a través dunha oferta segmentada e de calidade.

Sobre a base destes grandes retos, a nova Estratexia do turismo de Galicia 2020 inclúe 11 liñas de actuación que abarcan un total de 90 propostas de acción.

Compromiso coa sustentabilidade

A paisaxe, os recursos naturais e a sustentabilidade son unha das prioridades desta nova folla de ruta, e a liña estratéxica baseada neste ámbito é a que conta cun maior investimento, concretamente máis do 37% do total.

Deste xeito, as políticas turísticas dos próximos catro anos apostarán polo ecoturismo como elemento tractor do rural galego a través da creación de novos produtos turísticos vinculados á natureza que contribúan ao aproveitamento dos recursos naturais e ao uso turístico sustentable da paisaxe.

Así mesmo, arredor deste eixo traballarase na rehabilitación e posta en valor dos miradoiros galegos, na creación de sendas turísticas senlleiras de especial interese paisaxístico e no aproveitamento do gran potencial dos parques naturais co impulso de paquetes e actividades ecoturísticas no seu contorno.

Por outra banda, apostarase pola valorización turística dos núcleos históricos, poñendo énfase no patrimonio material e inmaterial das cidades e vilas galegas e na revitalización do turismo rural.

A nova estratexia inclúe, ademais, o desenvolvemento dunha metodoloxía que permita xestionar os altos niveis de demanda turística a que se ven sometidos determinados recursos ou áreas en momentos puntuais do ano, para poder impulsar unha oferta cultural e de ocio para estes puntos con risco de saturación e evitar, así, a degradación do patrimonio cultural e natural de Galicia preservando a súa autenticidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A REORDENACIÓN DO SISTEMA VIARIO DAS PONTES NECESARIO PARA QUE A CENTRAL TÉRMICA DE ENDESA SE ADAPTE ÁS EXIXENCIAS DA DIRECTIVA COMUNITARIA SOBRE EMISIÓNS INDUSTRIAIS

- *O Goberno galego autoriza a sinatura dun convenio que suporá unha renovación e mellora das estradas da zona, cuxo custo asumirá economicamente Endesa, cunha achega de 3,9 millóns de euros*
- *A adaptación da central térmica de carbón das Pontes á Directiva 2010/75/UE permitirá prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade mais alá do ano 2020*
- *Unha vez que se analicen as posibles alegacións e informes, iniciárase a redacción do proxecto de construción, que se agarda poida estar aprobado a finais de 2017 para a licitación das obras . A vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2019*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Goberno galego, a través das Consellerías de Infraestruturas e Vivenda e de Facenda, con *Endesa Generación S.A.*, para a reordenación do sistema viario das Pontes, para acadar o cumprimento da central térmica dunha directiva europea referida ás emisións industriais.

O custo total da actuación, que será asumido na súa totalidade por Endesa, foi estimado en 3,89 M€, e inclúe a expropiación dos terreos, a execución das obras e os contratos de servizos accesorios.

Para adaptar a central térmica de carbón das Pontes aos requirimentos da Directiva 2010/75/UE, sobre emisións industriais, *Endesa Generación, S.A.* debe executar instalacións de desnitrificación e desulfuración que permitan prolongar a vida útil da instalación e manter a actividade mais alá do ano 2020.

A explotación destas instalacións require o uso por parte da empresa dos terreos polos que discorre a estrada autonómica AC-861, entre o punto quilométrico 26+670 (intersección AC-861 coa rúa Blanco Amor, excluindo a rotonda) e o 27+550 (intersección da AC-861 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón excluindo a rotonda).

Este tramo está situado entre a central térmica e o río Eume, e o ciclo combinado de gas, moi próximo ás instalacións da infraestrutura eléctrica e que rexistra un tráfico orixinado principalmente polos accesos á propia central e como conexión coa autovía Ferrol-Vilalba.

Esta situación fixo que a Xunta, que apoia o investimento que se vai realizar na Central das Pontes, e Endesa acordasen acometer a reordenación do sistema viario das

Pontes, polo que colaborarán na execución dunha nova vía que sirva como circunvalación ao núcleo urbano das Pontes, separando a área industrial da residencial e mantendo ao mesmo tempo a conexión existente coa AG-64.

Obras que se van executar

As actuacións previstas no convenio autorizado hoxe son as seguintes:

- Construción dunha nova estrada de acceso ao núcleo das Pontes, alternativa á actual AC-861.
- Transformación do tramo da AC-861 que discorre entre a central térmica de carbón e o ciclo combinado de gas (entre o p.q. 26+670 e o p.q. 27+550), nunha vía de servizo con características de camiño público, que terá como función dar servizo á central térmica, de forma transitoria ata que se produza a desafección e transmisión a Endesa.
- Execución dunha rede de sendas que garantan a mobilidade non motorizada, que se vería limitada coa transformación do tramo da AC-861 nunha vía de servizo para o uso exclusivo da central.
- Tramitación administrativa do procedemento para as transmisións de titularidade dos terreos afectados polas obras.

Coa sinatura do convenio, *Endesa Generación S.A.* comprométese a redactar o documento técnico de adaptación da mobilidade no núcleo das Pontes aos requirimentos da adecuación da central térmica e aos criterios establecidos pola Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais, onde se describan as obras, e a entregarllo á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e asumir o custo das obras de construción da nova estrada e das interseccións, da instalación e reposición de servizos afectados, dos contratos accesorios para o control e execución das obras, así como o custo dos terreos que non sexan propiedade de Endesa que sexa necesario adquirir.

Ademais, deberá poñer á disposición da AXI os terreos da súa propiedade afectados pola obra e asumir o custe dos terreos afectados polas obras.

Pola súa banda, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda será a encargada de supervisar e aprobar o documento técnico que recolla as obras; tramitar o procedemento expropiatorio e licitar e adxudicar as obras, así como os contratos accesorios para o seu control.

Así mesmo, a Consellería de Facenda levará a cabo os trámites necesarios para materializar as correspondentes transferencias de titularidade dos terreos afectados polas obras e a desafección da actual estrada AC-861 entre os puntos quilométricos 26+670 e o 27+550.

O proxecto de trazado entregouse esta semana na Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que acaba de iniciar a súa supervisión. Prevese a aprobación do trazado no prazo aproximado dun mes e sometelo a continuación a información pública e consulta das administracións afectadas.

Unha vez que se analicen as posibles alegacións e informes, iniciárase a redacción do proxecto de construción, que se espera que poida estar aprobado a finais de 2017 para a licitación das obras. A vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2019.





AS EMISIÓNS DO COMERCIO DE DEREITOS DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO EN GALICIA REDUCÍRONSE CASE UN 8% AO LONGO DE 2016


- *O Consello da Xunta coñeceu o contido do informe preliminar elaborado pola Consellería de Medio Ambiente a partir dos datos declarados polas 48 instalacións que están a participar neste comercio en Galicia*
- *Nun ano de crecemento económico, as principais instalacións emitiron 14,1 millóns de toneladas de CO₂ e no exercicio anterior superáronse as 15,3 toneladas*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio deu a coñecer esta mañá na reunión semanal do Consello da Xunta o contido do informe preliminar sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro das instalacións afectadas polo comercio de dereitos de emisión no ano 2016.

Así, as 48 instalacións que participaron ao longo de 2016 no comercio de dereito de emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) declararon un total de 14,1 millóns de toneladas de CO₂ (14.140.505), o que se traduce nun descenso de case un 8%, é dicir, 1,2 toneladas menos que en 2015. Nese exercicio, as instalacións galegas declararon 15.353.320 toneladas.

| Sectores (categorías de actividade do anexo I da Lei 1/2005) | Emisións 2016 (t CO₂eq) | Emisións 2015 (t CO₂eq) | Variación 2016-2015 (%) |
|---|---|---|--|
| Produción de enerxía eléctrica (1a) | 9.395.282 | 10.697.338 | -12,2% |
| Coxeración-Combustión (1b,1c) | 1.178.223 | 1.086.093 | 8,5% |
| Refino e produción de H ₂ (2, 24) | 1.380.620 | 1.350.244 | 2,2% |
| Produción de aceiro e ferroalixes (5,6,9) | 531.719 | 550.185 | -3,4% |
| Produción de aluminio (7,8) | 1.262.027 | 1.271.111 | -0,7% |
| Produción de cemento, cal, ou magnesita (10,11) | 119.142 | 136.608 | -12,8% |
| Fabricación cerámica (13) | 7.798 | 8.558 | -8,9% |
| Produción papel (16,17) | 123.880 | 115.092 | 7,6% |
| Fabricación produtos químicos orgánicos (23) | 141.814 | 138.091 | 2,7% |
| TOTAL | 14.140.505 | 15.353.320 | -7,9% |

Desagregando os datos por sectores, a xeración de enerxía eléctrica producida con combustibles fósiles continúa a ser o sector que contribúe en maior medida ás emisións reguladas polo comercio de dereitos de emisión en Galicia e representa o 66,4% das emisións totais declaradas. No resto de sectores, destacan as achegas realizadas polo sector do refino e produción de hidróxeno e o da produción de aluminio, que representa respectivamente, o 9,8 e o 8,9% das emisións totais. Na gráfica, emisións GEI comercio de dereitos de emisión en 2016 por sectores



Evolución dos sectores

O informe preliminar presentado en Consello da Xunta tamén recompila datos sobre a evolución destes sectores respecto do ano anterior.


O sector en que as emisións de gases de efecto invernadoiro diminuíron en maior medida en termos absolutos foi a xeración de enerxía eléctrica producida con combustibles fósiles, que viu reducidas as súas emisións en 1,3 Mt de CO₂eq.

Tamén son destacables os descenso rexistrados nos sectores da produción de aceiro e ferroalixes (18.466 t de CO₂ eq) e a fabricación de cemento, cal ou magnesita (17.466 t CO₂eq).

En termos relativos destaca, xunto co descenso dun 12,2% nas emisións asociadas á xeración de enerxía eléctrica producida con combustibles fósiles, a redución dun 12,8% no sector de produción de cemento, cal ou magnesita.

A outra cara da moeda son aqueles sectores que viron incrementadas as súas emisións, entre os cales destaca o sector da coxeración-combustión, que agrupa un conxunto heteroxéneo de industrias pertencentes, entre outros, aos sectores da

alimentación, fabricación de taboleiros de madeira, automoción ou xestión de subprodutos animais, o cal emitiu 92.130 t de CO₂eq (un aumento do 8,5%) máis que o ano anterior. Nas seguintes gráficas pódese acceder á informacións sobre a variación porcentual das emisións GEI en 2016, respecto do ano 2015, por sectores.



O comercio dos dereitos de emisión

O sistema europeo de comercio de dereitos de emisión (EU ETS) constitúe un dos mecanismos máis destacados que implantou a Unión Europea para o cumprimento dos seus obxectivos en materia de cambio climático. Afecta máis de 11.000 instalacións en toda Europa pertencentes aos principais sectores consumidores de enerxía. Na actualidade, en Galicia existen un total de 48 instalacións que están a participar no comercio de dereitos de emisión.

O EU ETS implantouse en Europa a través da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003. A transposición en España da citada directiva realizouse a través da Lei 1/2005, de 9 e marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

A inclusión no EU ETS supón para as instalacións que cada ano teñan que entregar un número de dereitos de emisión en cantidade igual ás emisións totais de dióxido de carbono equivalente emitidas.

Os datos declarados polas instalacións nos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro están sendo obxecto de revisión durante este mes de marzo. Unha vez que os informes sexan validados, procederase á inscrición do dato de emisións no Rexistro Comunitario de Dereitos de Emisión.

Desde o momento da inscrición, as instalacións terán ata o 30 de abril de 2017 para facer entrega no o dito rexistro comunitario os dereitos dos dereitos de emisión correspondentes coas emisións inscritas.

AS AXUDAS PARA ENERXÍAS RENOVABLES PERMITIRÁN UN AFORRO ANUAL DE 230.000 EUROS A FAMILIAS, EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa no Consello da Xunta sobre estes apoios, que este ano ascenden a 1,38 millóns de euros e que mobilizarán 5,2 millóns de euros na creación, mellora e ampliación de instalacións de enerxía xeotérmica, aerotérmica e solar térmica*
- *A iniciativa está destinada a particulares, pemes, agrupacións e administracións de zonas rurais*
- *A convocatoria, que se publica hoxe no DOG, resolverase por concorrencia competitiva entre os solicitantes que tramiten a súa petición entre o 24 de marzo e o 24 de abril*
- *Este programa enmárcase no Plan vivenda e contribúe a diminuír o consumo de enerxías convencionais evitando a emisión de 700 toneladas anuais de CO₂*

A Xunta consolida a súa aposta polas enerxías renovables e o seu compromiso de impulsar a eficiencia enerxética cunha nova convocatoria de axudas para a creación, mellora e ampliación de instalacións de bombas de calor (xeotermia e aerotermia) ou solares térmicas. O orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria para estas axudas aumenta un 6% con respecto ao ano anterior e alcanza un total de 1,38 millóns de euros, o que permitirá xerar actividade económica no sector mobilizando máis de 5 millóns.

No marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a Consellería de Economía, Emprego e Industria activa unha nova convocatoria de axudas que permitirá un aforro anual de 230.000 euros na factura eléctrica de familias, empresas e administracións públicas. A través desta convocatoria, a previsión é chegar ás 250 actuacións ao tempo que se evita a emisión de 700 toneladas anuais de CO₂.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta os interesados poderán presentar as súas solicitudes desde mañá, 24 de marzo e ata o 24 de abril, tras a súa publicación hoxe no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Poderanse beneficiar desta iniciativa particulares, pemes, agrupacións, asociacións, entidades sen ánimo de lucro e as administracións locais e autonómica. Os proxectos deben realizarse en zonas rurais de Galicia. A convocatoria, que se resolverá por concorrencia competitiva, fixa entre o seus criterios de selección a eficiencia enerxética dos equipamentos, a moderación do custo en relación coa potencia instalada e a localización xeográfica do proxecto.

A axuda poderá alcanzar o 50% para particulares ata 12.000 euros de custo elixible, no caso de proxectos de xeotermia, e 6.000 euros para aerotermia ou solar térmica.

No caso das medianas empresas, a porcentaxe da axuda será un 40% do custo elixible, un 50% para as pequenas empresas e un 75% para as administracións públicas. Nestes casos os máximos serán 50.000 para xeotermia e 20.000 euros para aerotermia ou solar térmica. As actuacións inclúen o equipamento principal de xeración de enerxía, así como o custo da montaxe ou accesorios para o funcionamento dos equipamentos, ademais do sistema de captación, no caso da xeotermia. Grazas a esta liña de axudas, nos últimos dous anos concedéronse preto de 500 axudas.

Con esta convocatoria preténdese facer máis atractivos os investimentos en equipamentos que empreguen este tipo de enerxías para fomentar a súa implantación; reducir a factura enerxética; crear ao redor de 40 postos de traballo, así como diminuír o consumo de enerxías convencionais -prevese un aforro anual con esta convocatoria de 260.000 litros de gasóleo-.

Esta convocatoria tamén se inclúe, con respecto ás axudas para particulares, no Plan de vivenda que cumpre a súa terceira edición, coa previsión de que para este ano conte cun orzamento total de 8,7 millóns de euros, un 10% máis que en 2016. Consta de dous campos de actuación: o uso de fontes de enerxía renovables a través do impulso da xeotermia, a solar térmica e aerotermia e a biomasa; e a mellora das infraestruturas para que os galegos dispoñan de construcións máis eficientes.

Ademais das axudas a particulares para o uso de enerxía xeotérmica, aerotérmica ou solar térmica desta convocatoria que se abre mañá, inclúense neste apartado a renovación de fiestras -á cal se destinan 1,5 millóns de euros e cuxo prazo para presentar solicitudes xa se pechou o primeiro día da convocatoria con preto de 1.200 peticións-, o Plan Renove de ascensores -activada este mes cun orzamento de 700.000 euros-, as axudas para a instalación de caldeiras de biomasa -dotadas con 2,26 millóns de euros, e que se activa mañá-, o Plan Renove de instalacións eléctricas comúns -cun orzamento de 800.000 euros e cuxo prazo se abrirá aos particulares o 2 de maio-, e outros programas que se convocarán ao longo deste ano, como o acondicionamento de cubertas con tella ou lousa e a rehabilitación de fachadas con granito.

O GALICIA 1000 ACHEGARÁ FINANCIAMENTO A 3.000 PEMES ESTE ANO TRAS APOIAR A MÁIS DE 5.000 EMPRESAS NAS TRES PRIMEIRAS EDICIÓNS

- *Desde a posta en marcha deste programa integral de financiamento hai dous anos e medio, o Goberno galego impulsou a mobilización de preto de 800 millóns de euros, dos cales máis da metade se centraron na industria*
- *Corresponderon a autónomos o 30% dos proxectos apoiados, con máis de 1.500 iniciativas*
- *O programa para este ano, con preto de 100 millóns de euros de orzamento, enfócase especialmente na creación de novas empresas e no crecemento das pemes no ámbito da Industria 4.0*
- *Actívanse diferentes tipos de préstamos, avais, capital risco, bonificacións de custos financeiros e axudas para chegar financiamento á medida de cada proxecto*

O paquete integral de financiamento Galicia 1000 prevé chegar ao longo deste ano financiamento a 3.000 pemes galegas, tras apoiar máis de 5.000 compañías nas tres primeiras edicións desenvolvidas desde mediados de 2014. Segundo o informe presentado hoxe no Consello da Xunta, o programa, que contará para este ano con preto de 100 millóns de euros de orzamento, permitirá mobilizar 426 millóns en 2017, poñendo o foco especialmente na creación de novas empresas por parte de emprendedores e no crecemento das pemes no ámbito da Industria 4.0.

Co programa Galicia 1000 a Xunta busca dar resposta coordinada ás necesidades financeiras reais dos autónomos, dos emprendedores e das pequenas e medianas empresas galegas, procurando que ningún proxecto viable quede sen desenvolver por falta de apoio financeiro adecuado ás súas necesidades.

Así, desde a posta en marcha deste instrumento, o Goberno galego facilitou a mobilización de financiamento por importe de 787 millóns de euros en máis de 5.000 proxectos empresariais, o 67% centrados en investimentos, mentres que o 33% se corresponderon con operacións de financiamento de circulante, impulsando así a liquidez das compañías.

No tocante aos beneficiarios, cómpre sinalar que o 30% dos proxectos aprobados corresponderon a autónomos, superando as 1.500 iniciativas. Ademais, case o 54% do financiamento mobilizado nas tres primeiras edicións do Galicia 1000 foi destinado á industria, unha porcentaxe que este ano se prevé incrementar cando menos ata o 56%.

Só durante 2016, o programa facilitou a aprobación de máis de 2.700 operacións de financiamento. Para este ano, póñense á disposición das empresas diferentes tipos de préstamos, avais e reavais, capital risco, bonificación de custos financeiros e axudas directas. Estes apoios estarán centrados en facilitar o acceso ao crédito, especialmente

para a creación de novas empresas por emprendedores, e en apoiar a consolidación e o crecemento das pemes no ámbito da Axenda Galicia-Industria 4.0, así como en dar un novo impulso a proxectos de innovación nas pemes, no marco da Estratexia de especialización intelixente (RIS3).

A Xunta propónse reforzar o efecto multiplicador dos recursos da Unión Europea, e do propio orzamento autonómico, fomentando o uso dos apoios reintegrables e a colaboración público-privada para atraer financiamento adicional. Así, porase en marcha un novo programa de instrumentos financeiros innovadores que, tras os bos resultados do programa de préstamos Jeremie e Igape-Pemes, buscará facilitar a expansión das *start-up* innovadoras e aquelas pemes en crecemento ou expansión que requiran de financiamento complementario ao privado.

Tamén no ámbito dos préstamos, continuarase coa liña BEI para proxectos de maior contía capaces de fixar tecido industrial en Galicia e crear emprego, e para que as empresas reforcen a súa estrutura financeira e poidan acometer plans de crecemento.

Así mesmo, poñerase á disposición das pemes a liña de bonificación de custos financeiros, coa que se pretende facilitar o acceso ao crédito de autónomos e microempresas en condicións competitivas. Nesta liña inclúese un programa específico para as explotacións leiteiras que xa está en marcha.

Ademais, dispónse de 45 millóns de euros de capital risco para reforzar o capital das pemes innovadoras e exportadoras e potenciar que gañen tamaño; impulsar novos proxectos emprendedores con especial énfase no emprendemento industrial e innovador, e promover a industrialización do sector primario.

Por outra banda, seguiranse achegando garantías a través de avais e reavais, en colaboración coas sociedades de garantía recíproca, e facilitarase financiamento a través da Iniciativa Pyme, en colaboración co Goberno central, o Banco Europeo de Investimentos e o Fondo Europeo de Investimentos.

As actuacións desenvolveranse de xeito coordinado –a través do Igape, Gain e Xesgalicia– cos diferentes axentes facilitadores de financiamento: sociedades de garantía recíproca, Instituto de Crédito Oficial, Banco Europeo de Investimentos e outros entes públicos, xunto coas entidades financeiras.

A XUNTA AMPLÍA AS LANZADEIRAS DE EMPREGO QUE TERÁN LUGAR EN SETE CONCELLOS E AXUDARÁN 140 PERSOAS A ATOPAR UN TRABALLO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo a segunda edición desta iniciativa en coordinación coa Fundación Santa María la Real e co apoio da Fundación Telefónica*
- *O programa desenvolverase a partir de maio en Santiago, A Coruña, Ferrol, Carballo, Lugo, Pontevedra e Lalín ao longo de 5 meses para mellorar a empregabilidade dos participantes*
- *Os alumnos aprenderán a actualizar o seu currículo, realizarán simulacións de entrevistas de traballo, coñecerán novas técnicas de comunicación para saber presentarse mellor a un posto laboral, reforzarán a busca de emprego na internet e visitarán empresas para darse a coñecer como profesionais*
- *Os interesados poden anotarse á iniciativa desde hoxe e ata o 20 de abril a través da web de lanzadeiras, nas oficinas de emprego e puntos habilitados*
- *Os participantes poden ter entre 18 e 59 anos e este ano, como novidade, preto do 70% deben pertencer a colectivos con máis dificultades para atopar un emprego*
- *A actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que a Xunta está a impulsar o emprego estable e de calidade*

A Xunta, en coordinación coa Fundación Santa María la Real e co apoio da Fundación Telefónica, levará a cabo este ano unha nova edición das lanzadeiras de emprego, que na súa segunda convocatoria se amplía e, deste xeito, a iniciativa terá lugar en 7 concellos para axudar 140 persoas a atopar un traballo.

O programa desenvolverase a partir de maio en Santiago, A Coruña, Ferrol, Carballo, Lugo, Pontevedra e Lalín ao longo de 5 meses nos cales, entre outras actividades, os alumnos e as alumnas aprenderán a actualizar o seu currículo e levarán a cabo simulacións de entrevistas de traballo; coñecerán novas técnicas de comunicación para saber presentarse mellor a un posto laboral; reforzarán a busca na internet, portais en liña e redes sociais coa realización de obradoiros específicos para manexar correctamente estas ferramentas; e farán visitas a empresas para darse a coñecer como profesionais. Do que se trata é de mellorar a súa empregabilidade desenvolvéndose a nivel persoal. O programa de traballo inclúe técnicas de *coaching* e desenvolvemento da intelixencia emocional e fomento da cultura emprendedora, entre outras.

O prazo de inscrición está aberto desde hoxe e rematará o 20 de abril. Os interesados, que poderán ter entre 18 e 59 anos, poden anotarse xa a través da web de lanzadeiras <http://www.lanzaderasdeempleo.es/formulario-de-inscripcion> ou nas oficinas de emprego das localidades onde terán lugar, así como nos seguintes puntos habilitados: centro territorial do ISSGA na Coruña; Fórum de Carballo; centro de formación

ocupacional de Ferrol, en Caranza; Asociación de Empresarios de Deza; centro de Formación Profesional Ocupacional de Lugo; Xefatura Territorial de Pontevedra; e no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia en Santiago.

Este ano, como novidade, preto do 70% dos participantes deben pertencer aos colectivos con maiores dificultades para acceder a un posto de traballo, como son as mulleres, os menores de 30, os parados de longa duración, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social ou as persoas pertencentes a unidades familiares con todos os seus membros desempregados. Poderán inscribirse desde persoas con estudos básicos, con FP ou Bacharelato ata diplomados e licenciados. A participación tamén está aberta a persoas con ou sen experiencia profesional.

O obxectivo principal da actuación é axudar os participantes a realizar nunha nova busca de traballo de acordo coas características do mercado laboral actual. As lanzadeiras de emprego baséanse na creación de equipos heteroxéneos de persoas desempregadas con espírito dinámico que, coordinadas por un técnico, reforzan as súas competencias para obter un emprego, axudándoas a diferenciarse e posicionarse mellor no mercado de traballo. O obxectivo último é reducir os niveis de desemprego.

As lanzadeiras de emprego son un complemento das ferramentas de que dispón a Xunta para incrementar as oportunidades laborais das persoas desempregadas en Galicia, como son, entre outras, os obradoiros, os programas integrados de emprego, os cursos de formación para desempregados ou as unidades formativas nas empresas. A actuación enmárcase na Axenda 20 con que o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade e coa cal se pretende a creación de entre 80.000 e 100.000 postos de traballo ata 2020.

A XUNTA AXUDOU EN 2016 Á INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DE 534 MOZOS E MOZAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN A TRAVÉS DO PROGRAMA MENTOR

- *Esta iniciativa está dirixida a rapaces e rapazas de entre 16 e 25 anos, tutelados, ex-tutelados, en garda, con medidas xudiciais ou usuarios doutros programas da Administración autonómica destinados á protección de persoas menores de idade*
- *En 2016 alcanzáronse 227 contratos en vigor, o que supón un incremento do 224% con respecto a 2010*
- *O Mentor inclúe a xestión de seis vivendas tuteladas e outras dúas de transición á vida autónoma*
- *Este ano 2017 increméntase de novo o orzamento deste programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo ata chegar a un total de 1.621.616,20 euros.*

O programa Mentor de inserción laboral de mozos e mozas en risco social obtivo o ano pasado os mellores resultados de participación e contratación desde a súa posta en marcha en Galicia no ano 1998 ao rexistrar 534 beneficiarios. Así se recolle no informe anual sobre o desenvolvemento desta iniciativa do que hoxe deu conta o Consello da Xunta e que está recoñecido en Europa como *Boas Prácticas*.

En concreto, o programa vai dirixido a rapaces e rapazas de entre 16 e 25 anos, tutelados, ex-tutelados, en garda, con medidas xudiciais ou usuarios doutros programas da Administración autonómica destinados á protección de persoas menores de idade e Galicia é a única comunidade que axuda os menores tutelados ata os 25 anos. No 2016 alcanzáronse 227 contratos en vigor, o que supón un incremento do 224% con respecto ao ano 2010, e o orzamento do programa ascendeu a un total de 1.591.641,73 euros cofinanciados polo Fondo Social Europeo. Cómpre salientar que nos orzamentos para este exercicio de 2017 a partida económica reservada para o Mentor se incrementa de novo ata situarse por riba dos 1,6 millóns de euros.

O programa inclúe a xestión de seis vivendas tuteladas na Coruña, Santiago, Ourense, Lugo, Vigo e Pontevedra, e outros dous pisos asistidos en Ourense e Vigo. Estes recursos residenciais teñen como finalidade facilitar este tránsito e a independencia dos mozos e mozas beneficiarios. En 2016 pasaron por estas vivendas un total de 94 menores.

As necesidades que se procuran satisfacer a través do Mentor son promover a integración social e laboral dos participantes, crear as estruturas axeitadas para o acompañamento, formación, emprego e seguimento dos mozos e mozas, preparalos para a vida independente e establecer redes de apoio á inserción por medio da colaboración con entidades públicas ou privadas que desenvolvan accións no marco laboral, formativo ou de atención. Así mesmo, para lograr os seus obxectivos, desde o

programa trabállase en catro liñas: formación, inclusión social, educación e desenvolvemento persoal.

O programa Mentor naceu na Comunidade Autónoma no ano 1998 como un programa de inserción unicamente laboral para menores tutelados. Progresivamente foron incrementándose os beneficios do programa, incluíndo menores con calquera medida de protección e aqueles que cumpren medidas xudiciais, no tocante ao seu obxectivo, agora é unha actuación máis integral na cal se traballa a capacitación para a vida independente do menor, tanto laboral como social.

No que atinxe á evolución do número de mozos e mozas beneficiarios desta iniciativa, pasouse dos 422 no ano 2010 –dos cales 61 eran usuarios de vivendas tuteladas ou pisos asistidos - aos 534 do exercicio pasado - 94 dos cales eran usuarios de recursos residenciais-.

A XUNTA ELABORA UN PLAN ESPECÍFICO PARA FIXAR POBOACIÓN NO RURAL DOTADO CON 230 MILLÓNS DE EUROS A TRAVÉS DE 23 MEDIDAS

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe o documento elaborado pola Consellería do Medio Rural, que ten tamén como obxectivos o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e consolidación de emprego*
- *O plan xira arredor de seis grandes eixes, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a cooperación*
- *Con esta iniciativa crearanse uns 3.000 empregos directos no agro e actuarase poñendo en valor case 330.000 hectáreas desde o punto de vista agrogandeiro e forestal, no horizonte de 2020*
- *Dentro do orzamento previsto salientan os fondos destinados á cohesión territorial (algo máis de 72 millóns de euros), á remuda xeracional (65 millóns) e ao fomento da agricultura sustentable (35,6 millóns)*
- *Este plan intégrase na loita transversal contra a despoboación do rural, partindo de oportunidades como as novas demandas xeradas pola evolución dos hábitos de consumo, melloras e innovacións dos métodos de produción ou cadeas curtas de distribución (mercados locais)*

En consonancia coa definición desta lexislatura como a do rural, a Xunta porá en marcha un plan para fixar poboación neste eido dotado con máis de 230 millóns de euros para executar no horizonte de 2020. O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe ao informe da Consellería do Medio Rural que detalla o dito documento.

O seu principal obxectivo é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

O plan xira arredor de seis grandes eixes, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a cooperación. Cada un deles desenvólvese en diferentes medidas (23 en total) dotadas co seu correspondente orzamento.

Con este conxunto de iniciativas está previsto crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e actuarase poñendo en valor case 330.000 hectáreas desde o punto de vista agrogandeiro e forestal, no período 2017-2020. Estes indicadores forman parte do plan, no cal se especifican as previsións derivadas de cada unha das medidas. Así, por exemplo, prevese a finalización de 130 procesos de reestruturación parcelaria

abertos nestes momentos, a realización duns 1.500 proxectos financiados ao abeiro do programa Leader, o desenvolvemento de 3.300 cursos ou actuacións formativas, ou a incorporación de 2.200 mozos á actividade agraria, entre outros moitos baremos.

As medidas incluídas no documento van desde a mellora de camiños rurais (está previsto actuar en 650 quilómetros só en dous anos) ata o fomento da renovación xeracional (a través da instalación de mozos e a mellora de explotacións), pasando polo impulso á cooperación mediante o uso de maquinaria e equipamentos en común. Tamén se prevé dar un pulo especial á aplicación e transferencia de I+D+i no agro, coa creación de máis de 100 grupos innovadores e outros tantos proxectos piloto, e promover unha agricultura sustentable, con fondos para desenvolver medidas de agroambiente e clima, prácticas ecolóxicas ou o mantemento de actividades agrarias en zonas con limitacións naturais.

Fondos do plan

Destacan os fondos destinados á cohesión territorial (algo máis de 72 millóns de euros), á remuda xeracional (65 millóns) e ao fomento da agricultura sustentable (35,6 millóns). Para mellora da competitividade están orzados case 41 millóns de euros para innovación e formación outros 10,3 millóns, e para impulso da cooperación preto de 7 millóns. Así, o total do investimento previsto no plan supera os 230 millóns de euros.

A posta en marcha deste plan xorde da loita que a Xunta de Galicia leva a cabo de forma transversal contra a despoboación do rural. A realidade actual é que a pesar de que o 97,8% dos concellos se definen como rurais (son 263 municipios, que abarcan o 90% do territorio), estas zonas reúnen só o 39,7% da poboación. Pola contra, no plano positivo, o documento elaborado por Medio Rural sinala unha serie de oportunidades. Entre elas, as novas demandas xeradas pola evolución dos hábitos de consumo, melloras e innovacións dos métodos de produción ou cadeas curtas de distribución (mercados locais). Tamén, o desenvolvemento de modelos de pequenas explotacións, diversificación económica das explotacións agrícolas, demanda social de protección do medio ambiente e da produción sustentable ou o papel multifuncional da agricultura e a gandería no mantemento da biodiversidade. Do que se trata é de aproveitar todas estas oportunidades para fomentar esa fixación da poboación no rural galego.

No documento avaliado hoxe polo Consello constátase que o proceso de despoboación vai acompañado dunha serie de consecuencias. Así, con este plan da Xunta búscase preservar o patrimonio natural, fortalecer as economías rurais, loitar contra efectos negativos como o incremento da vexetación espontánea e o consecuente maior risco de incendios forestais ou a erosión dos solos. Este feito repercute tamén nun envellecemento da poboación e na súa dispersión, que comporta un custo elevado da prestación de servizos e da dotación de infraestruturas. Para facer fronte a todos estes factores apróbase o devandito plan.